

Varios

Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais.

O prazo de solicitude de non participación do persoal interino e substituto, dada a tardanza na publicación, ten que ser modificado, e para este ano será de 5 días hábiles desde o día seguinte da publicación no DOG da Orde.

Anuncian que a resolución na que se farán publicas as datas do CADP non pasará pola mesa, o que confirma a denuncia da CIG-Ensino de excluír da negociación todo o referente aos destinos provisionais, mesmo aspectos como datas e prazos.

Centros de Educación Especial e Centros de Menores.

Propoñemos que non exista obriga de pedir centros de menores, como o Santo Anxo de Rábade ou prazas diferentes de PT e AL nos CEE nas comisións de servizo de concilia. **A administración entende a problemática e di que o terá en conta, pero non vai modificar a orde, xa que serían moi poucas prazas as que saírían no CADP.**

Servizos á comunidade e Prácticas e actividades.

Coa redacción do CADP, que fala dunha única lista e unha única instancia, pode quedar xente de servizos á comunidade sen traballo.

Solicitamos que se traten como dúas especialidades, como acontece con outras listas e polo tanto sexan dúas instancias, respectando a preferencia do persoal de Prácticas e Actividades a estas prazas.

A administración entende a problemática e tentará ver se a nosa proposta é posíbel informaticamente.

Aplicacións Web da Consellaría.

Os erros das aplicacións son cada vez maiores, as actualizacións e probas nas aplicacións non se poden facer próximas a períodos abertos como pasou en saúde, e en menor medida en Concilia,

desde a CIG esperamos que a aplicación funcione correctamente para o CADP.

Recoñecemento dos Servizos das vacacións non gozadas.

A Consellaría comprometérase a terlle comunicado ao profesorado no mes de novembro o computo deses servizos, pasaron máis de seis meses dese prazo, xa non se tivo en conta para o Concurso Xeral de Traslados. Esiximos que se realice dunha vez ese cómputo para que se poda ter en conta para as oposicións. **Afirman que están facendo ese traballo e que contan con poder ter computado ese tempo para as perdoas que se presentan ás oposicións. No resto dos casos (funcionariado de carreira aínda non comezaron).**

Substitucións.

Detectamos problemas coas continuidades das substitucións durante os períodos non lectivos, chegando algunhas delegacións a pedir “informes” ás direccións para decidir se o profesorado substituto continúa ou non. Demandamos que non se repitan.

Complemento “ESO” para mestras en prazas de atención domiciliaria.

Hai mestras desempeñando a súa tarefa de atención domiciliaria con alumnado da ESO que non cobran o complemento. Desde a CIG Ensino defendemos que todo o profesorado que imparte docencia na ESO, incluso nos EPAPUs, cobre o complemento, como demandamos para as mestras e mestres de PT e AL. **Non o aceptan.**

Sorteo dos temas nas oposicións.

Debido aos problemas que xurdiron o ano pasado cos “bombos” nos sorteos dos temas solicitamos a administración que arbitre as medidas necesarias para que os sorteos dos temas sexan o máis pulcros posíbeis, e un bombo no que escasamente caben as bolas non axuda moito a esta pulcritude. **A administración di que non é a súa competencia mais que falará coa presidencia dos tribunais.**

Coordinacións en centros incompletos.

Solicitamos que as distintas coordinacións dos centros incompletos, así como as de “pluriinfantil” puntúen, xa que sería pouco entendíbel que a todas as problemáticas destes centros se sumara esta diferenza.

Comisións de servizos irregulares.

Temos detectados varios casos de persoal en comisión de servizos de forma irregular, por non dicir ilegal. Solicitamos que se nos remitan ás organizacións sindicais da mesa sectorial todas as comisións de servizo concedidas pola administración fóra das convocatorias públicas.

Condicións de traballo de docentes do ensino público en centros con convenio. Radio ECCA.

Hai profesorado interino que está a traballar en centros privados cos que a Consellaría ten asinado un convenio. Radio ECCA é un exemplo. A Consellaría debe dar toda a información cando se adxudican estas prazas, comezando polas condicións nas que se vai traballar (horarios, cargas burocráticas, puntuación nas oposicións, itinerancias,..). Entre outros aspectos deben ser publicitados e actualizados os acordos de colaboración, recollendo as melloras que se faga o profesorado que traballa nestes centros. Estamos a falar de casos absolutamente excepcionais e que, en todo caso, deben ser ofertados pola vía da convocatoria de postos de convenio.

Atención a crianzas en caso de pequenos accidentes nos Colexios.

Coidamos algún caso no que a dirección dun centro deu orde ao profesorado de acompañar no seu vehículo particular a un alumno cun accidente leve. Solicitamos que a Consellaría aclare ás direccións dos centros educativos que o profesorado non está obrigado en ningún caso a usar o seu vehículo para levar ás crianzas ao centro médico, e incluso que isto non é o recomendado pola Consellaría.

Conciliación.

Xa pasou un tempo do anuncio de Feijóo dun suposto Plan de conciliación e corresponsabilidade no que se recollía para o funcionariado galego a ampliación até as sete semanas do permiso para a outra persoa proxenitora, así como a implantación doutro permiso adicional de catro semanas que

poderá coller tanto a nai como o outro proxenitor, con redución de retribucións, pero salvo o anuncio publicitario non sabemos nada máis. Como xa fixemos en Mesas anteriores instamos a que se modifique a Orde de permisos e licenzas para estender os permisos por parto, adopción e acollemento e para a outra persoa proxenitora. Neste sentido, a CIG-Ensino mantén a súa proposta de ampliar en tempo o seu goce e de equiparar ambos os dous permisos, que serían intransferíbeis.

Tamén queremos que a Consellaría teña en conta a sentenza recente do Tribunal Supremo vén de ditaminar que os permisos se conceden para o seu goce en días laborábeis, polo que o día inicial debe ser o primeiro día laborábel seguinte. Esperemos evitar unha nova xudicialización do recoñecemento dun dereito por parte das e dos empregados públicos. Estes cambios afectarían aos seguintes permisos:

- 👤 Permiso de lactación
- 👤 Permiso por matrimonio ou unión de feito
- 👤 Permiso por accidente ou enfermidades moi graves
- 👤 Permiso por parto
- 👤 Permiso por adopción ou acollemento
- 👤 Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción

Por último, estamos atopando aspectos na actual normativa de permisos e licenzas que son claramente discriminatorios ou cunha ausencia de desenvolvemento que provocan a non concesión. No primeiro dos casos está, por exemplo, a **negativa a flexibilizar o permiso para a outra persoa proxenitora nos casos de hospitalización da crianza neonata**, impedindo que se interrompa o inicio do permiso como si acontece no caso do permiso de parto. No segundo está a falta de concreción en permisos como o de deber inescusábel no que ten a ver co exercicio de actividades vinculadas ao ámbito familiar, concretamente na necesidade de **coidados domiciliarios de fillas ou fillos menores**, cando a protección dos e das menores é unha obriga legal para os pais e nais.

Instrucións das tomas de posesións.

Solicitamos a publicación das instrucións para a toma de posesión do Concurso Xeral de Traslados, xa que aínda non foron publicadas.